

Enrique FERNÁNDEZ SENDÓN (L. Fersen), *Memoria e antoloxía dun republicano galego*. Sada-A Coruña, Edicións do Castro, Serie Documentos, 1998. Introducción, estudio e notas de Xosé Luís Axeitos e Uxío Bobillo.

A tarefa de reflotar un barco que quixo ser afundido para sempre non é sinxela, e menos aínda cando se trata do barco dunha historia para a que se decreta o esquecemento máis absoluto, unha historia que se quixo, simplemente, que non tivera existido nunca. Neste senso, a tarefa de recuperación que representa a vontade de Edicións do Castro é exemplar. Un parche máis a aquela nave ó garete é o que poñen Xosé Luís Axeitos e Uxío Bobillo ó faerse cargo da recuperación dos testemuños documentais que evidencian a actividade do republicano galego, ribeirán, Enrique Fernández Sendón, a prol da liberdade e da consecución dun estado de cousas máis xusto. Véñse a salvar a persoa pola súa actividade, poñendo fin ó escuro recluímento que ó longo de moitas décadas ven sufrindo un home falecido físicamente en 1954 pero xa practicamente esquecido e enterrado para moitos donde 1939 porque, como din os autores da edición, «*nin siquiera lle quedou o motivo da ausencia*», obrigado como estivo a compartir o espacio e o aire denso da posguerra cos vencedores da guerra civil: un exiliado do exilio. As palabras recuperadas, como en tantos outros casos, volven ser o mellor testemuño dunha existencia silenciada.

A parta analítica do libro corresponde a Xosé Luís Axeitos e Uxío Bobillo, que fan unha ampla e estruturada bibliografía do escritor e teórico político galego, resumindo a súa actividade dende as súas primeiras publicacións ata practicamente a data do seu falecemento, labor que os leva ó repaso de diversas publicacións periódicas de pre e posguerra, nas que basicamente se concentra a obra de *Fersen*.

A introducción resume, asemade, a biografía persoal e intelectual do escritor. O primeiro preséntao como un de tantos exiliados interiores obrigados a afogar a súa propia memoria, como demostra o feito de ter que pasar da teorización comunista-trotskista nos anos da República, ó tratamento de temas de economía pequena na posguerra, ou o abandono do pseudónimo dos anos madrileños —*Fersen*— polo emprego de *A. Martín* ou do seu propio nome na reclusión intelectual que se impuxo en Santa Uxía de Ribeira ata a súa morte.

Axeitos e Bobillo recorren a actividade ideolóxica de *Fersen*, adscrito primeiro á política trotskista da I. C. E. e, xa moi preto da guerra, na política de esquerdas radicais do P. S. O. E.. A revisión de distinta spublicación de marcado carácter político (*Comunismo, El Soviet...*) revela a intensa actividade de *Fersen*, un dos teorizadores e polemistas máis destacados, avogando pola consecución dun estado plurinacional cando fora preciso, por unha política agraria comunista, por unha oposición ás teses absentistas dos anarquistas, polos postulados pouco internacionalistas da maioría comunista española, adscrita ó P. C. E. e ás directrices de Stalin. Pero sobre todo, a súa política máis firme, tanto nas ringleiras de I. C. E. como xa no P. S. O. E. foi a defensa dos intereses dos traballadores e a vontade rrevolucionaria da súa ideoloxía.

A carencia de datos concretos non impide ós editores dar unhas liñas xerais da traxectoria biográfica de *Fersen* ó longo da guerra e da posguerra, comezando polo seu encarceramento ata 1940, a súa liberación por razóns de saúde e a súa constante decadencia física e económica que presidiu o paso dos anos na súa vida, reducido como estivo a buscar colaboracións xornalísticas tanto en terreos como o da análise da economía pesqueira, como na recensión de libros ou a creación de artigos alleos á política e publicados incluso no seo da Delegación Nacional de Prensa do rexime dictatorial.

O resto do corpo do libro está constituído, ademáis de por un apéndice fotográfico e unha bibliografía, polos documentos que constitúen o obxecto de exhumación dos editores. Trátase dunha escolma dos escritos máis representativos da actividade e da evolución descrita, rescatados de folletos individuais do autor, de revistas económicas (*Industrias pesqueras*) ou incluso de correspondencia persoal de *Fersen*; pero sobre todo o traballo centrouse na pescuda en revistas políticas e culturais (*Comunismo, El Soviet, P. A. N., Leviatán...*). Nalgunhas delas as colaboracións de *Fersen* quedaron totalmente esquecidas, aínda que noutras, come é o caso de *Leviatán* e *P.A.N.*, das que existen edicións facsímiles, eran un pouco máis accesibles. Deste xeito comprobamos a relación de Fernández Sendón cos xoves intelectuais da súa época, como Manuel Antonio, Rafael Dieste, Maside, etc. Tamén percibimos a súa capacidade dialéctica no tratamento das directrices políticas do trotskismo, ou o seu coñecemento das circunstancias económicas nacionais a internacionais que caracterizaron a época na que viviu.

Máis aló dos valores ideolóxicos que o escritor puido ter representado, con independencia de súa actualidade o libro fundaméntase nun intento de remon-

tar a corrente do esquecemento imposto e de facer salvagarda dunha memoria colectiva constantemente agredida, coas que se actualizan valores e posturas éticas que foron silenciadas e pasaron desapercibidas para xeracións posteriores, unhas seracións que viviron a uniformización e o aplanamento das consciencias e das morais. Nesta volta dun tempo aberto, *Fersen* pode volver á luz e abandonar a clandestinidade do esquecemento.

Manuel FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ